

## **O concello de Redondela pagou pola “Vasoira de Prata” como mínimo 907,50 €**



O 23 de xuño solicitamos por rexistro saber cales eran as bases para participar na “XVI Edición del concurso Escobas de Plata, Oro y Platino”, xa que sospeitábamos que había que pagar por concursar. A día de hoxe seguimos sen resposta por parte do goberno do PP. Entendemos que non lle interesaba respondernos, xa que atopamos entre as facturas que se pagan por resolución de alcaldía o seguinte gasto:

**“Inscripción do concurso Escobas 2018. Escoba de prata - Categoría B.....907,50€.**

**Se sumados os gastos da viaxe do concelleiro de Limpeza Viaria (Jesús Crespo) para recoller o galardón, que polo momento descoñecemos... canto gastou o PP redondelán por sacarse unha foto?** Lembrar que se trata dun premio simbólico, non económico que non supón ningún ingreso para o Concello de Redondela. Nada mais que un gasto extra para obter unha “medalla de cartón”.

Non contentos con este gasto innecesario, vendéronnos que se recibiu a “Vasoira de Prata” en parte polo servizo de limpeza viaria. Así viña recollido en varios artigos de prensa:

- **Faro de Vigo (20/06/2018): “Redondela recibe la “Escoba de Plata” por su limpieza viaria y recuperación medioambiental”**

- **Cadena Cope (20/06/2018): “Redondela ha obtenido el premio Escoba de Plata en reconocimiento a las labores de limpieza viaria y de recuperación del medio ambiente, impulsada desde el concello”**

Publicando incluso na páxina de Facebook “Redondela Conta”, pagada polo PP, un vídeo do concelleiro dándolle o seu agradecendo á empresa URBASER sen a cal non sería posible obter o premio.

Pola contra na acta de entrega de premios do “CONCURSO ESCOBAS DE PLATA” organizado por ATEGRUS (Asociación técnica para la gestión de residuos, aseo urbano y medioambiente), celebrada no 14 de xuño de 2018 no auditorio sur do recinto feiral de Madrid, recollese:

- ***Ayuntamiento de Redondela por el proyecto de recuperación de un terreno urbano de 400m2, reconvirtiendo la zona llena de maleza, escombros y asentamientos ilegales en un complejo deportivo municipal que cumple con todas las normativas ambientales”***

En resumo, gastan os cartos da veciñanza para gabarse de limpeza viaria e homenaxear a un servizo privatizado, cando o premio foi dado por un proxecto feito con cartos do Plan Marisma II conseguidos polo goberno do PSOE e BNG.

Só temos que recoñecerlles unha cousa: os nosos gobernantes do PP son uns grandes vendedores de fume a conta dos cartos públicos.

*Redondela, 17 de xullo do 2018*